

NORMATIVA RANKING LIMIACTIVA 16-17

O **Ranking Limiactiva** nace co obxectivo de incentivar a participación dos nosos socios atletas e escolares nas diferentes probas do calendario, sexan populares ou federadas, así como a de levar un control das probas realizadas e dos records do clube.

1. Poderán participar todos os socios dados de alta na tempada en curso, dende categoría prebenxamín ata veteranos.
2. O Ranking terá unha duración de 8 meses, computándose as probas realizadas entre o 1 de novembro e o 30 de xuño.
3. Para que unha proba sume puntos, será necesario indicar na inscrición o nome do clube (A. D. Limiactiva) e participar coa camiseta oficial da tempada.
4. Na medida do posible e para facilitar o traballo do responsable do ranking, comunicarse por correo electrónico a participación nas carreiras a roberfeijoo@hotmail.com
5. Para o **Ranking Absoluto** teranse en conta os seguintes factores:
 - a. Número de chegados a meta.
 - b. Posto na proba.
 - c. Coeficiente de dificultade da proba.

$$\text{Puntos} = 150 - ((\text{posto} * 100 / \text{Chegados a meta}) * \text{Coeficiente})$$

COEFICIENTES			
Id	Campo1	COEF_NORMAL	COEF_MONTE
1	MENOS DE 6 KMS.	1,00	1,25
2	DE 6 A MENOS DE 9 KMS.	1,25	1,50
3	DE 9 A MENOS DE 11 KMS.	1,50	1,75
4	DE 11 A MENOS DE 14 KMS.	1,75	2,00
5	DE 14 A MENOS DE 17 KMS.	2,00	2,25
6	DE 17 A MENOS DE 20 QMS.	2,25	2,50
7	DE 20 A MENOS DE 22 KMS. (MM)	2,50	2,75
8	DE 22 A MENOS DE 24 KMS.	2,75	3,00
9	DE 24 A MENOS DE 27 KMS.	3,25	3,50
10	DE 27 A MENOS DE 30 KMS.	3,50	3,75
11	DE 30 A MENOS DE 32 KMS.	3,75	4,00
12	DE 32 A MENOS DE 34 KMS.	4,00	4,25
13	DE 34 A MENOS DE 36 KMS.	4,25	4,50
14	DE 36 A MENOS DE 38 KMS.	4,50	4,75
15	DE 38 A MENOS DE 40 KMS.	4,75	5,00
16	DE 40 A MARATÓN	5,00	5,25

6. Ranking Escolar: Acumúlanse puntos en función da participación en probas

Asistir a unha competición	Fondistas e medio fondistas	1 punto
	Velocistas, saltadores e lanzadores	2 puntos
Posto na competición	1º posto	3 puntos
	2º posto	2 puntos
	3º posto	1 punto
Asistir a un Campeonato Galego ou de España	Fondistas e medio fondistas	3 puntos
	Velocistas, saltadores e lanzadores	5 puntos
Posto en Campeonatos Galegos ou de España	1º posto	5 puntos
	2º posto	4 puntos
	3º posto	3 puntos

7. Premios.

- a. **Ranking Absoluto:** Establécense premios para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos, independentemente da categoría á que pertencen, e para optar ós premios será necesario acadar a lo menos 2.000 puntos.
- b. **Ranking Escolar:** Premios para os primeiros clasificados masculino e feminino de cada categoría (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil)
Para optar ós premios será necesario acadar un mínimo de 15 puntos.

Os premios entregaranse ó comenzo da tempada seguinte, normalmente coincidindo co acto de presentación do clube, e para recibilos, os atletas deberán conservar a súa condición de socio.

Xinzo de Limia 28 de setembro de 2016

A Xunta Directiva